



**BOMBEIROS
Santiago**

**MEMORIA DA ACTIVIDADE DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E
SALVAMENTO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DURANTE O ANO 2020**



A primeira organización de loita contra o lume documentada no Concello de Santiago de Compostela data da **segunda metade do século XIX**, xurdida baixo a designación de **Compañía de bombeiros da cidade de Santiago**.

O **Corpo municipal** creouse no **ano 1922**, cunha dotación de 15 persoas, material básico de extinción e bomba de brazal e motor montadas sobre un carro tirado por cabalos.

No **ano 1925 adquiriu o seu primeiro vehículo** (fabricado en 1912) con cisterna e bomba aspirante – impelente. Este vehículo foi o único do servizo ata o ano 1957, data na que se adquiriu unha nova autobomba.

A maior modernización do SEIS produciuse no ano 1982; ano no que se incorporaron 16 bombeiros-condutores, 3 autobombas, 1 autoescaleira automática de 30 metros (aínda en servizo), equipos autónomos de respiración, equipos de comunicación...

Ata o 2020, **o último persoal incorporárase 2006**.



No ano 1925 adquiriu o seu primeiro vehículo (fabricado en 1912) con cisterna e bomba aspirante – impelente.



Autobomba de 1957

MEMORIA DA ACTIVIDADE DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DURANTE O ANO 2020

Mentres que no **2019 o SEIS** contaba con un total de **38 efectivos**, na **actualidade**, **temos 44**.


Incorporáronse **7 novos bombeiros-condutores** (marzo de 2020) e cubríronse **3 vacantes de sarxentos** por promoción interna (febreiro de 2020).

Asemade, está en marcha o **proceso para incorporar a 9 novos bombeiros-condutores** e a **cobertura por promoción interna de 2 prazas máis de sarxento**.

Durante este difícil 2020:

- substituíronse os 2 vehículos lixeiros do SEIS;
- incorporouse unha lavadora con barreira sanitaria á lavandaría;
- reformáronse 3 vehículos do servizo, -incorporando: iluminación, rotulación, carros no teito, arquillas, estantes, armarios, arrinques rápidos...;
- solucionáronse os problemas de entrada de auga nas instalacións;
- separáronse os vestiarios de limpo e sucio, reformouse a iluminación do parque e hangar, habilitouse unha zona para as visitas escolares con imitación de vehículo de bombeiros, material para amosarles, traxes e cascos infantís;
- adquiriuse un dosificador automático de espuma;
- renováronse 5 Equipos de Respiración Autónoma (idénticos aos incorporados no 2019);


...



MEMORIA DA ACTIVIDADE DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DURANTE O ANO 2020

Durante o **2020**, o SEIS realizou un total de **1.852 intervencións**; que se distribuíron do seguinte xeito:

Inspección/prevención	701
Incendios	132
Accidentes de tráfico	26
Limpezas de calzada	115
Rescates: persoas, animais, apertura de portas...	103
Caídas/cortes/retiradas de árbores	96
Saneamentos de edificios, instalacións e outros	82
Inundacións, achiques e asolagamentos	67
Actuacións con enxames	464
Pancartas/bandeiras	14
Fugas e alarmas por gases	30
Desconexións de alarmas	4
Actividades divulgativas	18




As intervencións con enxames deixan de ser a actividade principal do SEIS, na que **gaña importancia a prevención**: visitas e comprobacións; hixienizacións preventivas e baldeos; desinfeccións; preparacións de mezclas hixienizantes para a Policía Local, Protección Civil ou para o Departamento de Medio Ambiente...

Mantéñense estables os número de intervencións en incendios e vólvese ás cifras de anos anteriores no relativo a intervención con árbores.

Por outra banda, **umentan o número de rescates realizados** en relación ao ano anterior. Neste apartado, ten unha importancia capital o ter asumido a competencia á hora de prestar o servizo para axudar a mobilizar persoas con dificultades nas súas vivendas: maiores caídos, xente que vive soa e que non ten axuda para incorporase, persoas con problema de mobilidade que precisan axuda para reincorporarse....

INTERVENCIÓNS ANUAIS



INTERVENCIÓNS DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO DE SANTIAGO DURANTE O 2020



MEMORIA DA ACTIVIDADE DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DURANTE O ANO 2020



Como consecuencia do **COVID**: desapareceron as actividades divulgativas, as visitas dos colexios e reducíronse o número de accidentes e as limpezas de calzada; en relación con anos anteriores. Por contra, xurdiron un importante número de intervencións relacionadas con elas:

-71 casos de rescates de persoas atrapadas por problemas de mobilidade, ao atoparse soas ou con alguén que non é capaz de movelas;

-12 apertura de portas por persoas que non respondían no se seu interior desde marzo; **9 delas por estar a persoa falecida** no seu interior (tratamento COVID, conforme á normativa sanitaria e procedementos internos);

-Hixienización das dependencias e vehículos da Policía Local; principais vías da cidade no Polígono Industrial do Tambre, Polígono industrial Costa Vella, Estadio Vero Boquete de San Lázaro e Multiusos Fontes do Sar e ensanche; hixienización de accesos polo camiño Francés durante o verán; accesos e beirarrúas nos hospitais da cidade, accesos a centros de saúde, principais supermercados, Praza de Abastos, farmacias... (empregando máis de 1.150 litros de distintos produtos, disoltos en máis de 140.000 litros de auga).

INTERVENCIÓNS DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO DE SANTIAGO DURANTE O 2020



Os incendios seguen a ser unha parte fundamental do noso traballo e polo que sono máis recoñecidos.

Así, no 2020 tivemos un total de 132 intervencións por incendios; onde os contedores (18%), vehículos (23,50%) e vivendas (29,50%) supoñen o 71 % das nosas intervencións neste campo.

Segue a chamar a atención o elevado número de intervencións que temos por despistes durante a preparación da comida. Este ano chegaron a ser 19.

Este ano, tamén despuntou o aumento dos rescates, que pasaron de 58 a 103 (moitos deles relacionados có confinamento e COVID).

Aumentou exponencialmente o número de persoas que precisaron a nosa axuda no seu domicilio (por estar atrapados, por non poder moverse). Neste ámbito pasamos de representar o 44,80% ao 68,90 %; chegando ás 71 intervencións.

As intervencións con persoas falecidas pasaron de 2 a 12.

